

I EDICIÓN

Premio Literario de Narrativa Curta *en galego*



DÍA DAS LETRAS
GALEGAS
2023

Bases de participación

O Concello de Vilar de Santos, co gallo da celebración das Letras Galegas 2023, convoca a I Edición do Premio Literario de NARRATIVA CURTA en galego.

O Concello de Vilar de Santos fai públicas estas BASES polas que se rexerá este premio.

Primeira:

Poderán concorrer ao certame tódalas persoas empadronadas en Vilar de Santos que presenten, en prazo e forma, un relato escrito inédito, da súa autoría, redactado en lingua galega e temática libre.

Formato: DIN A4 por unha cara, en tipoloxía Times New Roman 12 ou Arial 12; entreliñado de 1,5 nos escritos realizados con ordenador. Admítense tamén obras manuscritas con presentación clara.

Tipoloxía das obras:

- Categoría «Preescolar»: debuxo simple nunha páxina.
- Categoría «Infantil»: máximo 2 folios.
- Categoría «Xuvenil»: máximo 5 folios.
- Categoría «Senior»: máximo 7 folios.
- Categoría «Senior Plus»: máximo 5 folios.

Segunda:

Establécense cinco (5) categorías para os/as participantes:

- Preescolar: de 0 a 6 anos.
- Infantil: de 7 a 14 anos.
- Xuvenil: de 15 a 24 anos.
- Senior: de 25 a 65 anos.
- Senior Plus: maiores de 65 anos.

Terceira:

Outorgarase un premio en cada unha das categorías consistentes libros de autores galegos.

Ademais todas/os premiadas/os en todas as categorías recibirán un diploma acreditativo, outorgado polo Concello de Vilar de Santos.

Cuarta:

Os traballos poderán ser entregados, en formato físico, no departamento de servizos sociais do Concello de Vilar de Santos ou por correo electrónico ao enderezo servizos.sociais@vilardesantos.com

Ademais do texto orixinal, deberá aparecer o título da obra e os datos do autor ou autora:

- Nome e apelidos.
- Idade.
- Teléfono ou mail de contacto.

Serán nulos os traballos que leven á vista o nome do autor/a.

O prazo de presentación rematará ás 14:00h do venres, 12 de maio de 2023.

Quinta:

O fallo do xurado farase público o 17 de Maio, Día das Letras Galegas 2023. Anunciarase coa debida antelación, en especial aos/ás gañadores/as, o lugar, data e hora da entrega dos premios.

Sexta:

Publicaranse na web e nas redes sociais do Concello todos os traballos premiados, así como os nomes dos/as autores/as. Os/as autores/as, mediante a aceptación destas bases e a súa participación no concurso, dan o seu consentimento para a publicación das súas obras e ceden todos os dereitos de reprodución por calquera sistema, distribución en calquera formato e comunicación pública a través de sistemas físicos, telemáticos e dixitais.

Sétima:

A participación neste concurso supón a plena aceptación destas bases.

Vilar de Santos, a 02 de maio de 2023.